



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Análise das Operacións Financeiras	Código	611G02004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EconomíaEmpresa			
Coordinación	Suarez Massa, María Isabel Ana	Correo electrónico	isabel.suarez.massa@udc.es	
Profesorado	Alvarez Garcia, Begoña Enriquez Díaz, Joaquín Lagoa Varela, María Dolores Llano Paz, Fernando de Puime Guillén, Félix Suarez Massa, María Isabel Ana	Correo electrónico	begona.alvarez@udc.es joaquin.enriquez@udc.es dolores.lagoa@udc.es fernando.de.llano.paz@udc.es felix.puime@udc.es isabel.suarez.massa@udc.es	
Web	udc.fernandoaguiar.es			
Descrición xeral	O obxectivo da materia é o de coñecer: a) a estrutura e elementos das operacións financeiras básicas b) as leises financeiras máis usadas na práctica financeira.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer os principios que rexen o funcionamento das leis financeiras utilizadas na práctica, xunto coa súa aplicación a operacións financeiras concretas.	A1		C4
	A2		C5
	A8		
	A9		
	A11		
Coñecer e identificar o concepto de operación financeira, así como dos seus compoñentes, custos e rendementos. Saber utilizar estes conceptos en operacións financeiras concretas e, particularmente, nos conceptos de TAE e Custo Amortizado.	A3		C1
	A4		
	A8		
	A9		
	A11		
Ser capaz de valorar rendas financeiras así como identificar en que operacións económico-financieras e para que han de ser aplicados tales valores.	A5		C8
	A6		
	A8		
	A9		
	A11		
Coñecer, valorar e desenvolver operacións de préstamo, tanto dende o punto de vista do prestamista coma do prestatario.	A8		C7
	A9		
	A11		
	A12		
Utilizar as ferramentas informáticas axeitadas para lograr máis eficiencia nos cálculos necesarios nos apartados anteriores.	A9		C6
	A11		



<p>-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo</p> <p>-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo</p> <p>-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de indole social, científica ou ética.</p> <p>-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado</p> <p>-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía</p>		<p>B1</p> <p>B2</p> <p>B3</p> <p>B4</p> <p>B5</p>	
<p>- Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais</p> <p>-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización</p> <p>-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.</p> <p>-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados</p> <p>-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.</p>		<p>B6</p> <p>B7</p> <p>B8</p> <p>B9</p> <p>B10</p>	

Contidos	
Temas	Subtemas
Leis financeiras. Conceptos xerais	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Concepto de ben económico.</li> <li>2. A actividade económica e a actividade financeira.</li> <li>3. Concepto de capital financeiro e representación gráfica.</li> <li>4. Proxección financeira: concepto e clases.</li> <li>5. Leis financeiras: concepto, características e propiedades.</li> <li>6. Equivalencia e orde financeiras.</li> <li>7. Magnitudes derivadas.</li> <li>8. Sistemas financeiros. Concepto e clases.</li> <li>9. Operacións con capitais financeiros</li> </ol>
Leis financeiras utilizadas na práctica.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Capitalización simple e composta.</li> <li>2. Desconto simple comercial e racional ou matemático. Desconto composto comercial e racional.</li> <li>3. Capitalización continua.</li> <li>4. Tipos de interese equivalentes.</li> <li>5. Suma financeira e capital unificado.</li> </ol>
Operacións financeiras.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Concepto, clases e compoñentes. O equilibrio financeiro.</li> <li>2. Reserva matemática ou saldo financeiro. Concepto e métodos de determinación.</li> <li>3. Custos e rendementos efectivos.</li> <li>4. Aplicacións prácticas. O concepto de TAE. O custo e rendimento efectivos nas normas de valoración do Plan Xeral de Contabilidade. O cadro de Custo Amortizado de acordo ás normas de valoración do Plan Xeral de Contabilidade.</li> </ol>



Valoración de rendas.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Concepto, compoñentes e clases de rendas.</li> <li>2. Valoración de rendas. Método xeral e casos particulares.</li> <li>3. Aplicacións prácticas. Obtención do Valor Actual Neto ou Valor Capital dun investimento. Constitución de capitais.</li> </ol>
Operacións de préstamo.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Concepto de préstamo. Tipoloxía dos préstamos.</li> <li>2. O equilibrio financeiro nas operacións de préstamo.</li> <li>3. Cadros de amortización. Concepto, clases e obtención destes segundo as diferentes tipoloxías.</li> <li>4. Valor financeiro de un préstamo.</li> <li>5. Características comerciais dos préstamos: a carencia e o reembolso anticipado.</li> <li>6. O cálculo do custo efectivo para o prestatario, do rendemento para o prestamista e da TAE e o CER segundo normativa do Banco de España.</li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A6 A8	2	10	12
Proba de resposta breve	A8 B4 B5 B6	2	5	7
Solución de problemas	A6 A11 B1 B2 B3	25	50	75
Seminario	A3 A4 A9	4	0	4
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A12 B7 B8 B9 B10 C1 C4 C5 C6 C7 C8	17	34	51
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Consiste nun exame teórico-práctico dos contidos da materia, con preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas sobre supostos prácticos, preguntas tipo test (verdadero/falso), preguntas de resposta múltiple ou unha combinación dos tipos mencionados.</li> <li>2. O exame pode ser oral ou escrito. De non se publicar nada en contrario na páxina web da materia (Moodle) con 48 horas de antelación, o exame será escrito.</li> <li>3. Celebraranse nas datas, horas e aulas que o Decanato fixe oficialmente.</li> </ol>



Proba de resposta breve	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Consisten nun exame de respostas curtas, de tipo test (verdadeiro/falso), de resposta múltiple ou unha combinación delas.</li><li>2. O exame pode ser oral ou escrito. De non se dicir nada en contrario na convocatoria da proba en Moodle, o exame será escrito. A súa duración é de entre 20 e 60 minutos, sen prexuízo do dito no apartado seguinte.</li><li>3. Finalizada cada unha das probas abrírase un seminario no que o profesor discutirá cos alumnos as respostas a esta. Esta discusión ten dúas finalidades: 1) aclarar dúbidas e conceptos; 2) modificar á alza a nota da proba obtida no exame (co límite da cualificación máxima outorgada á proba) se o profesor o considera conveniente á vista dos argumentos formulados polo alumno na discusión. A discusión non supoñerá unha diminución da nota obtida na proba escrita, a non ser que o alumno tivese ou manifestase unha conduta inapropiada.</li><li>4. Celebraranse nos días, horas e aulas que oportunamente se publicarán cunha antelación mínima de 48 horas na páxina web da materia (Moodle).</li><li>5. O grupo pode subdividirse para a realización das probas en cantos subgrupos considere oportuno o profesor da materia.</li></ol>
Solución de problemas	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Exposición e solución de exemplos prácticos acerca dos contidos teóricos.</li><li>2. As prácticas e exemplos intercálanse cos contidos teóricos co fin de facilitar a comprensión da materia.</li><li>3. Na solución dos exemplos prácticos o alumno pode intervir: a) a iniciativa propia, tras pedir quenda de palabra b) por iniciativa do profesor, que solicitará expresamente a intervención do alumno.</li><li>4. Formularanse exercicios e/ou lecturas a realizar polo alumno en horas non presenciais ou de traballo autónomo. En horas presenciais posteriores farase: a) unha revisión dos exercicios na que o alumno pode intervir nos termos descritos no punto 3 anterior e b) das lecturas abrírase a correspondente quenda de preguntas co fin de aclarar aqueles aspectos que o alumno formule sobre o contido destas</li></ol>
Seminario	<p>Os seminarios levaranse a cabo tras cada unha das probas de resposta breve.</p> <p>Os obxectivos do seminario son:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>a) Discutir co alumno as respostas ás probas de resposta breve, conforme ao dito na metodoloxía "Proba de resposta breve", apartado 3.</li><li>b) Abrir unha quenda de discusión e/ou preguntas acerca dos contidos da materia abranguidos na "Proba de resposta breve" correspondente.</li></ol> <p>Tal e como se explica no mencionado apartado 3, esta discusión pode supoñer unha modificación á alza da cualificación obtida na proba.</p>
Sesión maxistral	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Exposición nas clases presenciais dos contidos teóricos e prácticos da materia co obxecto de orientar ao alumno na súa preparación.</li><li>2. O tempo dedicado a cada un dos capítulos en que está dividida a materia será proporcional ao grao de dificultade na preparación destes e á súa extensión, de modo tal que non se dedicará o mesmo tempo a cada un dos capítulos, senón que se afondará máis nuns que noutros. Todo iso, a xuízo do profesor que imparte a materia.</li><li>3. Para a preparación dos capítulos de menor dificultade de comprensión remítase ao alumno á bibliografía, se ben nas clases presenciais se orientará ao alumno acerca de: a) que fontes concretas se recomenda utilizar b) que aspectos son os máis relevantes e de maior interese en orde a alcanzar os resultados da aprendizaxe establecidos para a materia.</li></ol>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



<p>Sesión maxistral</p> <p>Proba de resposta breve</p> <p>Seminario</p> <p>Solución de problemas</p>	<p>1. Na sesión maxistral o alumno pode intervir, logo de petición da palabra, para preguntar, aclarar ou expoñer o seu punto de vista sobre o tema que no momento da súa intervención se estea a tratar.</p> <p>2. Nas probas de resposta breve, tras a realización destas e na quenda de intervencións que oportunamente se abrirá, o alumno pode intervir para preguntar, aclarar ou expoñer o seu punto de vista sobre algún aspecto dos tratados na proba. Tal e como se menciona no apartado de metodoloxías, estas intervencións poden supoñer unha mellora na cualificación da proba.</p> <p>3. Na solución de problemas o alumno pode intervir tal e como se expón no apartado de metodoloxías.</p> <p>4. Nos horarios de titoría o alumno será atendido para aclarar aquelas dúbidas que lle xurdan para a preparación da materia. Aínda que non é obrigatorio, se a través do correo electrónico do profesor que imparte o curso ao que pertence o alumno, expón as súas dúbidas e data e hora (dentro das de titoría) en que está interesado ser atendido, facilitarase a xestión e efectividade destas.</p> <p>5. Sen citar a persoa que evacuou a consulta, esta pode ser publicada na páxina web do titor, xunto coa súa resposta, coa finalidade de que outros alumnos poidan tirar proveito desta. Todo iso se o profesor a considera oportuna e de interese xeral.</p> <p>6. as anteriores normas son válidas para a totalidade do alumnado sexa cal for o tipo de matrícula que realizase.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A6 A8	<p>1. Trátase dunha única proba para cada unha das oportunidades de avaliación da convocatoria.</p> <p>2. Supón o 55% da avaliación final.</p> <p>3. Consiste nun exame seguindo os criterios expostos en metodoloxías.</p> <p>4. Nos exames tipo test (verdadeiro/falso) e nas de resposta múltiple as preguntas mal respondidas puntuarán negativo.</p>	55
Proba de resposta breve	A8 B4 B5 B6	<p>1. Tres probas ao longo do curso.</p> <p>2. Cada unha delas supón o 15% da avaliación final, o que no seu conxunto supón o 45% desta.</p> <p>3. Consisten nun exame de respostas curtas, de tipo test (verdadeiro/falso), de resposta múltiple, exercicios prácticos ou unha combinación delas.</p> <p>4. Veáse o apartado de metodoloxías en relación á posibilidade de mellorar a nota do exame escrito ou oral, se é o caso, a través de intervencións na quenda de discusión que se abrirá ao final de cada proba.</p>	45

Observacións avaliación
-------------------------



Os criterios de avaliación son os mesmos para cada unha das oportunidades de avaliación; Quere iso dicir que: 1) en ambas as probas de avaliación teranse en conta as cualificacións obtidas nas probas de resposta breve, que supoñen, en conxunto, o 45% da cualificación final; 2) o exame correspondente á proba mixta, en ambas as oportunidades de avaliación, se cualifica sobre 5,5 puntos (o 55% da avaliación)

Na convocatoria adiantada, e só neste caso, realizarase unha proba mixta encamiñada a avaliar todas as competencias e contidos propios da materia.

Os criterios de puntuación de cada unha das probas daranse a coñecer no momento da proba e fornecerase xunto co enunciado desta. As probas non realizadas puntúan como cero. As realizadas en fraude supoñen a cualificación de cero puntos na avaliación final. A cualificación de non presentado corresponde ao alumno que non participase en ningunha proba de avaliación ou o fíxese NUNHA SOA das probas de resposta breve.

A avaliación do alumnado que ten dedicación a tempo parcial recoñecida ou exención parcial de asistencia rexerese polos mesmos criterios aplicados ao resto do alumnado.

Os únicos utensilios cos que está permitido o acceso ao recinto da proba son os básicos para contestar o exame: lapis, bolígrafo ou pluma, goma de borrar e calculadora electrónica non programable. Está expresamente prohibido o acceso ao recinto do exame con: a) teléfonos móbiles e calquera outros dispositivos capaces de comunicación a distancia e/ou de almacenamento de información; b) notas, anotacións, libros ou material similar que non fose autorizado expresamente na convocatoria do exame ou na páxina web (Moodle) da materia. A non observancia desta norma supón o que se considere como realizada a proba en fraude e iso con independencia de que quen teña no recinto da proba tales dispositivos ou material sinalado utilizáseos ou non no curso desta.

O alumno ha de acreditar á súa personalidade de acordo á normativa vixente.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Aguiar Maragoto, F. J. y Martínez Fernández, P. (2009). Apuntes de Análisis de las Operaciones Financieras.
- Pozo, E. y Zúñiga, J. (1997). Análisis y formulación de las operaciones financieras. Madrid. ESIC Editorial
- Pozo, E. y Zúñiga, J. (1996). Problemas de Matemática Financiero. Madrid. ESIC Editorial
- Pablo López, A. de (2000). Manual práctico de Matemática Comercial y Financiera (Volúmenes I y II). Madrid. Ed. Centro de Estudios Ramón Areces, S. A
- Pablo López, A. de (2002). Matemática de las operaciones financieras (Volúmenes I y II). Madrid. UNED
- Baquero López, M<sup>a</sup> J. y Maestro Muñoz, M.L. (2003). Problemas resueltos de matemática de las operaciones financieras. Madrid. Ed. AC. Colección Paso a paso

### Bibliografía complementaria

- González Catalá, V. T. (1992). Análisis de las Operaciones Financieras, Bancarias y Bursátiles. Madrid. Ediciones de las Ciencias Sociales, S.A.
- González Velasco, M. del C. (2007). Análisis de las operaciones financieras (Core Syllabus for Actuarial Training in Europe). Pamplona. Editorial Aranzadi, S.A.
- Pallerola Comamala, J. (2008). Matemática financiera para el nuevo Plan General de Contabilidad. Madrid. Editorial Ra-Ma
- Bonilla Musoles, M., Ivars Escortell, A. y Moya Clemente, I. (2006). Matemática de la operaciones financieras. Teoría y práctica. Madrid. Ed. Thomson
- Bravo Monroy, R. (2004). Matemáticas financieras. Teoría y ejercicios. Madrid. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces
- Gil Peláez, L. (1982). Matemática de las Operaciones Financieras. Madrid. Editorial AC
- Levenfeld, G. y S. de la Maza (1997). Matemática de las Operaciones Financieras y de la Inversión. Madrid. Ed. McGraw-Hill
- Cabello González, J. M. (2006). Valoraciónn financiera. Teoría y práctica con Excel. Madrid. Delta Publicaciones



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Contabilidade Financeira I/611G02013

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Teoría do Investimento/611G02020

Teoría do Financiamento/611G02021

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías